



ELECCIÓN DOS/AS REPRESENTANTES PARA O CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

No DOG do mércores, 29 de setembro de 2021, publicouse a RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

De acordo coa convocatoria vixente, o próximo **martes 23 de novembro de 2021**, en horario de **8:35 a 15 horas**, celébrase neste Centro a votación para a elección de **representantes do profesorado, Persoal non docente, familias, e alumnado** que compre renovar no Consello Escolar do IES As Bizocas. Para participar na referida votación, procederase da seguinte forma:

1º.- Teñen dereito a votar todos/as as alumnas e alumnos matriculados no Centro que figuren no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, todos/as pais/nais titores/as que figuren no Censo, todos/as os membros do persoal non docente e todos/as as profesoras e profesores que forman parte do Claustro e que figuren no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral. O devandito censo está exposto á exposición pública regulamentaria.

Do 9 ao 16 de novembro abrirase o Prazo de presentación de candidaturas dos sectores (alumnado, profesorado, familias, PAS) que poderán presentarse na conserxería do centro.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegado.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabético de apelidos.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

O Grove 8 de novembro de 2021

A directora: Nieves Peña Pazos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES AS BIZOCAS

Apdo. Correos 135 - 36980 O Grove (PO)

Tel. 886 15 14 20 – Fax 886 15 14 27

ies.asbizocas@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesasbizocas/>

